

JULIA M^a CARRASCO GONZÁLEZ-ALEGRE, Secretaria do Concello da Guarda, (Pontevedra)

CERTIFICO:

Que na sesión ordinaria celebrada polo Pleno o día 31 de marzo de 2023, tomouse o seguinte acordo que se transcribe literalmente:

“PUNTO 7.- Expediente 307/2023. PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO ANEXO DE SUBVENCÍONS NOMINATIVAS NO ORZAMENTO PRORROGADO 2023

O señor Alcalde da conta da seguinte proposta:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

No expediente de prórroga do orzamento 2022 a 2023 (expediente n.º 4/2023), a Interventora informou “No caso dos créditos para subvencións a entidades, prorrogáanse os créditos iniciais sen prexuízo de que non se prorrogará automaticamente o anexo de subvencións nominativas do orzamento de 2021, que, no seu caso deberá ser novamente aprobado. As contías están vinculadas á actividade concreta que cada ano leven a cabo as respectivas entidades, e por tanto deberían adaptarse motivadamente ás circunstancias específicas de cada unha delas (incremento ou diminucións de gastos, creacións, extincións, fusións, etc), sen que consideremos que a mera finalización do exercicio anterior sen ter aprobado o novo orzamento, e por tanto producida a prórroga automática do mesmo, poida producir unha expectativa de dereito nas entidades subvencionadas e a conseguinte falta de capacidade da Corporación para decidir a redistribución dos fondos”

Visto que o 27 de xaneiro de 2023 en sesión ordinaria, o Pleno acordou un novo Plan Estratéxico de Subvencións 2023-2024 con determinadas modificacións respecto do anterior.

Por esta Alcaldía se desexa introducir determinadas modificacións no anexo de subvencións do orzamento 2023, prorrogado dende 2021, en canto á asignación nominativa de subvencións, sendo os cambios propostos os seguintes:

Variacións nas subvencións culturais	DIMINÚE	INCREMENTA	TOTAL VARIACIÓN
Infomaxe		1.100,00	
TOTAL	0,00	1.100,00	1.100,00
Variacións nas subvencións deportivas	DIMINÚE	INCREMENTA	TOTAL VARIACIÓN
A Guarda- Hockey liña		600,00	
TOTAL	0,00	600,00	600,00



Desta forma, diminúese o crédito consignado á liña de subvencións culturais por concorrència en -1.100,00 euros e tamén o crédito consignado ás subvencións deportivas por réxime de concorrència competitiva en -600,00 euros segundo o novo Plan aprobado.

Por todo o anterior formúlase ao Pleno, previo ditame de Comisión Informativa, a seguinte

PROPOSTA:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación do anexo de subvencións nominativas no orzamento 2023, prorrogado dende 2021, co seguinte detalle:

SUBVENCÍONS A ENTIDADES FINIS SOCIAIS 2023		
PARTIDA	ENTIDADE	CONTÍA
23103.48	Asoc. Avelaíña de axuda ás persoas con problemas de saúde mental	3.000,00
23103.48	Centro de educación especial San Xerome Emiliani	9.000,00
23103.48	Asoc.Erguete de prevención das drogodependencias e de educación e promoción da saúde no Baixo Miño	4.300,00
23103.48	Fundación Las Samaritanas-A Guarda	800,00
TOTAL		17.100,00

SUBVENCÍONS A ENTIDADES CULTURAIS 2023		
PARTIDA	ENTIDADE	CONTÍA
33403.48	Agrupación Cultural Guardesa	1.100,00
33403.48	Asociación Naturista Baixo Miño (ANABAM)	1.630,00
33403.48	Club de la Tercera Edad y Pensionistas de La Guardia	1.200,00
33403.48	Asociación de Fiestas de Pascua Buján	550,00
-33403.48	Comisión de fiestas San Antonio-La Guardia	550,00



33403.48	Asoc. Cultural comisión de fiestas San Cayetano	550,00
33403.48	Asoc. Cultural Virgen de la Guía-La Guardia	550,00
33403.48	Comisión de fiestas de la Virgen del Carmen-La Guardia	550,00
33403.48	Agrupación Musical de A Guarda	7.440,00
33403.48	Asociación de Veciños O Percamiño	1.480,00
33403.48	Asociación Cultural Piueiro	2.000,00
33400.48	Asociación alfombras florais	11.700,00
33400.48	Infomaxe	1.100,00
TOTAL		30.400,00

SUBVENCIONS A ENTIDADES DEPORTIVAS 2023		
PARTIDA	ENTIDADE	CONTÍA
34101.48	Clube de Balonmano Atlético Guardés	35.000,00
34101.48	Clube de Remo Robaleira	13.200,00
34101.48	Club Sporting Guardés	19.800,00
34101.48	Unión Guardesa Club de Fútbol Femenino	2.000,00
34101.48	A Guarda – Hockey liña	600,00
TOTAL		70.600,00

SEGUNDO.- Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia, e no taboleiro de edictos do Concello para que os interesados poidan examinar o expediente e formular as reclamacións que estimen pertinentes, durante os quince días hábiles seguintes á publicación.

TERCEIRO.- O presente acordo entenderase elevado automaticamente a definitivo no caso de que non se presenten reclamacións durante o trámite de exposición ao público. En caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.”

(.....)





Sometida a votación, a proposta foi aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres/as. Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez Marcos e Álvarez Martínez (cinco votos a favor).

ABSTENCIÓNS: Sres/as. Álvarez Carrero, Alonso Álvarez, Alonso Gándara, Baz Lomba, Guisande Vila, Álvarez Alonso, Baz Vicente, Lomba Rodríguez, Méndez Díaz, Fernández Lomba e Vázquez Rodríguez (once abstencións).”

E para que conste, para os efectos oportunos no expediente da súa razón, de orde e co V.º B.º do Sr. Alcalde, coa excepción prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, expídese a presente.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

